

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	Matemáticas 3º ESO	Páx.	1
Curso / Ciclo	2023-2024 / ESO		

CONTIDOS

1º Parcial

1. Números
2. Proporcionalidade e porcentaxes
3. A linguaxe alxébrica
4. Ecuacións e sistemas

2º Parcial

5. Sucesións e progresións
6. Corpos xeométricos
7. Transformacións xeométricas

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Entrega de exercicios e probas escritas.

MÉTODO DE AVALIACIÓN

Para cada parcial realizarase un exame nunha data comunicada oficialmente (puntuación máxima 9 puntos) e entregarase ao profesor responsable do seguimento, un ou varios boletíns de “exercicios tipo” resoltos (puntuación máxima de todos os exercicios 1 punto). As cualificacións parciais serán a suma das cualificacións obtidas polos boletíns e polo exame. En caso de non entregar os exercicios propostos e soamente presentarse ao exame oficial, a cualificación será a obtida nel.

Se un alumno ou alumna non acada o aprobado nas dúas cualificacións parciais poderá realizar unha proba final, quedando exento de facela o alumnado que obtivera unha media aritmética entre as dúas cualificacións superior ou igual ca 5.

CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA

Será a media aritmética das cualificacións parciais ou a cualificación obtida no exame final. Superará a materia o alumnado con cualificación igual ou superior a 5.

No caso de non superar a materia poderase realizar outra proba escrita de recuperación puntuada sobre 10 puntos. Superará a materia o alumnado con cualificación igual ou superior a 5.

No caso de detectar que se copia nunha proba por calquera medio, será cualificado con 0 puntos nela.